



vanakkam BENVIDAS





Esta unidade didáctica foi elaborada por M^ª José Meilán García e María Reimóndez co apoio do resto do voluntariado de Implicadas/os no Desenvolvemento e está financiada pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo



concellería
de igualdade
concello de vigo


DESEÑO

Laura Apellido Apellido
Desoños

PRESENTACIÓN

Esta Unidade Didáctica acompaña o libro Vakkam-Benvidas, unha compilación de poetas galegas e tamiles (India), editado por Implicadas/os no Desenvolvemento. A Unidade Didáctica pretende axudar ao profesorado de 3^º e 4^º da ESO a traballar co libro e en concreto traballar aspectos relacionados co xénero, a interculturalidade e situación sociocultural de Tamil Nadu, na India. A Unidade inclúe información xeral sobre os temas mencionados e propostas de traballo dinámico na aula.

Esta Unidade Didáctica foi elaborada polo voluntariado de Implicadas/os no Desenvolvemento e está financiada pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.





OBXECTIVOS XERAIS DA UNIDADE DIDÁCTICA

- Coñecer o libro Vanakkam-Benvidas
- Achegarse á literatura feita dende outras culturas
- Entender os problemas derivados do xénero cun enfoque global
- Desmitificar algúns aspectos existentes sobre a India
- Provocar a reflexión crítica sobre as diferenzas por causa do xénero.





INFORMACIÓN PARA O PROFESORADO

Nesta primeira parte proporciónase a información de base necesaria para que o profesorado poida orientar ao alumnado nas dinámicas de traballo co libro. Presentaremos o libro Vanakkam-Benvidas, a situación da India e Tamil Nadu, aspectos relacionados co xénero e a situación das mulleres no mundo e información sobre Implicadas/os no Desenvolvemento.

1 O LIBRO

Hai moitas persoas que pensan que a pobreza é unha situación de carencia de bens materiais e que esta se soluciona simplemente proporcionando fondos ás persoas e países empobrecidos. Pola contra, hai persoas e organizacións, como Implicadas/os no Desenvolvemento, que entendemos que a pobreza é o resultado dunha organización inxusta e desigual do mundo dende o punto de vista económico, político e social. Para nós, daquela, a pobreza non se cambia simplemente proporcionando fondos ás persoas e países empobrecidos senón cambiando a maneira de vivir e de pensar nos países desenvolvidos para evitar que os nosos gobernos e empresas exploten aos países e persoas e tamén para cambiar os nosos comportamentos insolidarios e cheos de prexuízos á hora de relacionarnos con outras culturas e realidades.

Esta forma de pensar e traballar atopa sinerxías con outros movementos (o feminista, o ambientalista, o de dereitos de traballadoras/es, altermundistas) e cunha maneira de entender a cooperación dende o propio, dende a identidade e a cultura propia. Precisamente Implicadas entende que o mundo da cultura nas súas diferentes manifestacións ten un papel fundamental que desempeñar na creación dun entendemento diferente da nosa forma de estar no mundo e que pode crear pontes de entendemento respectando as singularidades de cada pobo. Esta é a razón pola cal Implicadas busca colaborar co mundo cultural galego dende diferentes puntos de vista e dar a coñecer tamén as culturas dos países onde traballa, a India e Etiopía.

Esta filosofía de traballo xeral de Implicadas únese ao campo de traballo fundamental de Implicadas, o do xénero, que trataremos máis adiante. Parte deste traballo consiste en dar voz ás mulleres e dar visibilidade ás múltiples visións e estratexias que as mulleres nos países en vías de desenvolvemento poñen en marcha para cambiar as estruturas que nos opremen a todas, cada unha na súa cultura.

O libro Vanakkam-Benvidas é a plasmación práctica desta filosofía dado que nesta compilación de poetas galegas e tamiles as voces das mulleres únense en pé de igualdade para poñer en cuestión non só o sexismo senón tamén os estereotipos que en Occidente manexamos con respecto ás mulleres doutras culturas, que forman parte tamén da perpetuación da pobreza. Vanakkam é o saúdo que cada día repiten en tamil máis de 60 millóns de persoas e pode traducirse como Benvidas/os.

O libro Vanakkam-Benvidas é tamén o resultado da colaboración estreita coas mulleres e comunidades de Tamil Nadu, a rexión onde Implicadas leva traballando dende a súa formación. Foron precisamente I. Ambalavanan, director da organización coa que traballamos nos nosos proxectos de cooperación, PEOPLE'S DEVELOPMENT INITIATIVES (PDI) e N. Manimekalai, directora do Centro de Estudos das Mulleres de Tiruchy e colaboradora permanente dos nosos proxectos, quen



facilitaron o contacto coas poetas que participan no libro, voces punteiras da literatura tamil actual. Unha vez que se estableceu o contacto coas poetas e ante a imposibilidade de traducir os poemas directamente do tamil ao galego, realizouse unha tradución ao inglés por parte de Kannan, e do inglés ao galego por parte de María Reimóndez. O libro foi financiado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e contou coa colaboración da Radio Galega.

Ademais, o libro inclúe un CD gravado polas poetas galegas, que leron os seus poemas e os das poetas tami-les, para celebrar a actividade repetida por Implicadas con frecuencia que celebra a palabra oral: os recitais solidarios. Todas as poetas galegas que participan no libro tomaron parte nalgún dos moitos recitais organizados por Implica-das para utilizar a poesía como arma de cambio social e de remexer consciencias e promover unha sociedade diferente para nós e para o mundo.

O libro é froito da xenerosidade e da confianza de moitas persoas, pero sobre todo das poetas tami-les e galegas, que de xeito desinteresado, poñen a súa obra en mans de Implicadas no Desenvolvemento para que actúe como altofalante.

Atoparáis máis información sobre o libro na presenta-ción e introdución do libro Vanakkam-Benvidas.

2 a INDIA

A continuación presentaremos algunha información xeral sobre a India para centrarnos logo en Tamil Nadu.

A India é un dos países máis poboados do mundo con 1.041.143.988 habitantes. A súa forma de goberno é a república e constitúe a democracia máis grande do mundo e a primeira e máis antiga dos países que sufriron a colonización.

A India conseguiu a súa independencia do imperio británico en 1.947 despois dun movemento pacífico e político masivo sen precedentes, liderado por Mahatma Gandhi.

É un país rico en recursos naturais e tamén un dos países punteiros en tecnoloxía informática básica. Neste momento considérase unha das economías que máis crece a nivel mundial pero se analizamos eses criterios económicos do capitalismo comprobamos que esa riqueza non chega nin a un 5% da poboación. A India é un país onde se asentan moitas empresas multinacionais para abaratar os seus custos explotando man de obra a menores prezos. Un exemplo claro disto é o asentamento dos servizos de apoio técnico telefónico para os países de fala inglesa, que agora están centralizados no país, se ben os ingresos xerados seguen indo para os donos das multinacionais (é dicir nos países ricos).



Este tipo de crecemento non asegura unha distribución da riqueza que, en calquera caso, xa vimos que se acumula en moi poucas mans. A situación da India é exactamente igual có que acontece a nivel mundial, dado que tamén a nivel mundial cada vez a riqueza está máis acumulada en menos mans.

Dende o punto de vista social, a India conta cunha diversidade de grupos étnicos altísima. A variedade relixiosa tamén é de relevancia: 83% de persoas practican o hinduísmo, 11% o islam, 2,5% a relixión sikh, 2% o cristianismo, 1% o budismo e 0,5% outras relixións. A pesar da impresión que ás veces poida dar na prensa occidental dun país con conflitos relixiosos, estes son máis ben territoriais na zona entre a India e Paquistán, en Cachemira, herdanza da descolonización. Cómpre lembrar que Paquistán foi creado no ano 1947, cando Gran Bretaña concedeu a independen-cia á India, como un estado para acoller a poboación musulmá da India (cousa fútil dado que na India seguen vivindo millóns de persoas de relixión musulmá). Gandhi opúxose sempre a esta división introducida polo imperio porque con razón a vía como unha estratexia para crear ruptura, conflito e seguir dominando de forma indirecta. A súa sospeita ten grande actualidade nos tempos actuais coa invasión de Afganistán e a utilización de Paquistán por parte dos Estados Unidos como base, aproveitando a situación de conflito entre os dous países e interna de Paquistán.

Outro punto importante de diversidade é a lingüística, que fai que a maioría da poboación sexa como mínimo trilingüe, na India hai máis de 400 linguas recoñecidas, aínda que só 16 son linguas oficiais. As linguas do norte da India proveñen do mesmo tronco cá maioría das europeas (o tronco indo-europeo) e utilizan variantes do alfabeto "de-vanagari" mentres que as do sur, coma o tamil, son da familia dravídica e falaremos máis en detalle delas na seguinte sección. As linguas do norte orixináronse do sánscrito mentres que o tamil é a mai de todas as linguas dravídicas. As linguas oficiais de todo o país son o hindi e o inglés. O hindi é a lingua de certos estados do norte do país e non se fala no resto do país, aínda que pode estudarse na escola como unha lingua estranxeira máis.

Un aspecto que se asocia de forma xeneralizada coa India é o sistema de castas. Cómpre lembrar antes de nada que as castas foron abolidas por lei coa independencia do país no ano 1947 e que dende entón os diferentes gober-





nos levan introducido medidas de discriminación positiva que reservan postos na administración e o Parlamento para persoas de castas baixas e que existen axudas para a educación ou outro tipo de servizos para os colectivos de casta baixa. A casta é unha clasificación de clase social por nacemento da que se supón que as persoas non poden escapar. Na súa manifestación máis aguda falamos de "intocabilidade", que consiste en que as persoas de casta baixa, que se consideran impuras, non deben entrar en contacto co resto. Por iso, viven en lugares segregados e non poden por exemplo consumir a mesma auga ou entrar en certos lugares. Aínda que o sistema pervive con diferente intensidade en zonas amplas do país a intocabilidade é xa un fenómeno en vías de desaparición. Permanecen aínda casos en zonas rurais pero moitas persoas traballan para a eliminación do sistema de castas e contra a discriminación de castas. Como veremos, este tipo de movemento anti-casta é especialmente forte en Tamil Nadu.

A esta situación xenérica cómpre engadir a situación específica das mulleres dentro do país. A situación das mulleres, porén, non pode xeneralizarse nun país tan grande. Como en todos os lugares, a situación das mulleres depende moito da súa clase social, educación ou outros factores. Como en todos os lugares, na India existe discriminación das mulleres que adopta formas que nos son coñecidas (violencia intrafamiliar, violacións, desigualdade salarial, asignación das tarefas domésticas ás mulleres) e outras que son específicas do país. Un dato importante é por exemplo a inversión da pirámide poboacional en canto a sexos: a tendencia natural é que nazan máis nenas ca nenos, na India esta proporción está invertida. Esta particularidade débese á práctica do infanticidio feminino en certas zonas do país (entre elas dous distritos de Tamil Nadu) onde a presión social por ter fillos varóns é tan elevada que as mulleres ou as súas



familias matan ás nenas en canto nacen sobre todo cando xa tiveron unha filla. Na actualidade o goberno tivo que prohibir a determinación do sexo por ecografía porque se detectaron abortos selectivos se o feto era de sexo feminino. Esta preferencia polo fillo varón leva a que en situacións de pobreza as mulleres e nenas reciban menos alimento e teñan que ocuparse de traballar e coidar das familias. A discriminación confirma que en todas as sociedades as mulleres temos menos acceso aos recursos, sexan estes empregos ben pagados (na nosa sociedade) ou alimento.

Como en moitas outras sociedades do mundo e tamén a nosa non hai tanto tempo, os matrimonios tradicionalmente son arranxados polas familias, o cal leva a que en moitos casos as mulleres casen a idades moi temperás. Tamén existe a práctica do dote, que consiste en que as familias das mulleres teñan que pagar non só a voda senón cantidades importantes de diñeiro e bens para poder casar as súas fillas, que ao final se considera o obxectivo da vida das mulleres (e dos homes en menor medida). A práctica do dote levou a índices moi elevados de maltrato e de asasinatos por parte dos maridos e familias políticas das mulleres, que atopaban neste sistema unha forma fácil de enriquecerse. Neste momento a lexislación obriga a abrir unha investigación de oficio cando unha muller morre no fogar en aparentes "accidentes domésticos".

Estes temas son obxecto de debate e activismo por parte dos grupos feministas e de mulleres da India. A loita contra as castas e a discriminación de xénero enténdese que pasa pola eliminación dos matrimonios arranxados e do dote, que buscan finalmente manter a estrutura de castas (as persoas só poden casar dentro da súa casta). Por exemplo, cada semana, hai unha manifestación de mulleres vestidas de negro en Bangalore para facer visible os asasinatos

por dote. Na India existen fortes grupos feministas que tratan temas de todo tipo, dende a investigación universitaria ata o activismo de base. Nos proxectos de Implicadas os grupos de mulleres deciden non dar nin recibir dote e tanto mulleres coma homes reciben formación sobre como erradicar a violencia de xénero (cambiando os patróns de xénero) e como asistir aos servizos sociais e á policía nos casos en que sexa necesario.

A India, tanto no caso da discriminación das mulleres como noutros temas é un país de importantes movementos sociais. É na India onde se desenvolveron importantes metodoloxías de traballo en cooperación como o uso de grupos de aforro e crédito ou onde se libraron importantes batallas contra as patentes de alimentos e medicamentos que pretendían empresas americanas. Un fito importante é a intervención do goberno da India nas negociacións da Organización Mundial do Comercio para romper acordos que eran prexudiciais para os países en vías de desenvolvemento. Estes logros son o resultado dos importantes movementos sociais e campesiños que bolen en todo o país.

Sempre que nos achegamos a un país aparentemente afastado cómpre revisar os prexuízos creados pola sociedade occidental sobre os países. A India está asociada no imaxinario occidental ao exótico. Esta imaxe crea unha forma de racismo que evita coñecer a complexidade da realidade allea e que evita que as persoas que vivimos en occidente nos responsabilicemos sobre a colonización e as explotacións que se producen na actualidade. A imaxe da India podemos analizala nas películas e literatura producida por occidente sobre o país. Non podemos esquecer que esta bagaxe de imaxes son foron utilizadas para xustificar a dominación dos países e se seguen utilizando mesmo na cooperación para seguir falando de caridade sen ver ás persoas dos países en vías de desenvolvemento como iguais e a cooperación como unha cuestión de xustiza que nos afecta directamente.

Para saber máis obre a India podes acceder a:

http://www.igadi.org/te/pdf/te_se12/te24_12_075maria_reimondez_meilan.pdf


A análise dos prexuízos occidentais sobre o "oriente" foi estudado por Edward Said, pódense utilizar películas ou libros como "Pasaxe á India", "A paixón India", mesmo "A volta ao mundo en 80 días" para analizar as imaxes que aparecen nesas películas e literatura sobre o país e comparalas con imaxes de autoras e autores do propio país e películas do propio país. As voces das poetas do Vanakkam poden proporcionar unha imaxe lonxe do exótico, e tamén autoras e autores como Arundhati Roi, Bapsi Sidwa, Vikram Seth ou cineastas como Deepa Mehta.

TAMIL NADU

Tamil Nadu é un estado federal da India situado no extremo surleste do país. Limita cos estados de Pondicherry, Kerala, Karnataka e Andha Pradesh.

Ten unha extensión de 130.266 km² e unha poboación de 64.445.183 habitantes. A capital do estado é Chennai, que foi denominada Madrás durante a colonización. Fundouse como estado no 1956, ano no que recibiu o seu nome actual. Na lingua tamil, o nome de Tamil Nadu significa Terra do Pobo Tamil.

As/Os tamiles son un pobo drávida que non só está presente na India, país de onde é orixinario, senón tamén en Sri Lanka, Malaisia, Canadá, Sudáfrica, Singapur e Gran Bretaña. Tamil Nadu conserva a variedade relixiosa existente no resto da India aínda que a



unidade vén dada pola lingua e a cultura común, diferenciada dunha forma moi notable da do resto da India, sobre todo da India do norte. Dende 1960 reúnese periodicamente a Conferencia Mundial Tamil para protexer e fomentar a cultura propia. A Confederación adoptou o himno tamil e a bandeira do país.

A cultura tamil vén definida dentro da India sobre todo pola lingua, mai do resto das linguas do sur da India. O intento de impoñer o hindi como idioma do país por parte do goberno federal da India provocou importantes altercados que conseguiron preservar o idioma tamil como único idioma do ensino público. Por desgraza na actualidade a ameaza para o idioma xa non é o hindi senón o inglés. É posible estudar inglés en Tamil Nadu nas escolas de pago, o cal marca tamén unha importante división de clase no uso lingüístico. Dende o punto de vista literario o tamil é unha das linguas escritas máis antigas do mundo. Son famosas as obras de Tiruvalluvar, pequenos pareados que acumularon coñecemento sobre a forma de vida e a cultura tamil dende época ancestral e que se continúan lendo e mencionando no tamil actual. En Kanyakumari, a punta do estado e da India onde se unen o océano Índico e o mar de Bengala, hai unha estatua de Tiruvalluvar e segue sendo unha figura de grande veneración. Ademais, cómpre mencionar dúas obras máis clave da literatura tamil antiga, o Silapadikkaram ou relato da pulseira e a súa secuela Manimekalai. Ambas obras son consideradas épicos semellantes á Odisea ou Iliada para a cultura occidental, cunha importante particularidade, os seus "heroes" son nos dous casos mulleres, e ademais de castas humildes. De feito Kannagi, a heroína do Silapadikkaram, pertence ao grupo dos comerciantes, e remata destruindo unha cidade enteira pola inxustiza cometida polo seu gobernante, mentres que Manimekalai é a filla dunha prostituta que abandona o seu destino predeterminado para converterse ao budismo nunha obra de grande profundidade filosófica. Ademais, as mulleres comezaron a ter un papel relevante na literatura tamil sen dúbida moito antes ca na galega. Xa no século X Andalusí oír a súa voz como a única integrante dos grupo de "alvar" ou representantes da poesía relixiosa. Un dos seus poemas e a súa biografía está incluída no libro Vanakkam-Benvidas. Igualmente no libro hai máis información sobre a situación da literatura tamil actual e o papel das mulleres dentro dese panorama.

A cultura tamil vén marcada tamén por importantes diferencias nas representacións relixiosas e na vida política. Nos anos 60 un importante político, teórico e activista, Periyar, introduciu o laicismo e traballo contra as castas como un elemento fundamental do nacionalismo tamil. O seu partido, o partido dravídico, segue defendendo estes valores no debate político e na vida social. Unha das poetas do libro, Salma, é a Directora Xeral de Benestar Social de Tamil Nadu e militante deste partido. En Tamil Nadu, como en Galicia, existe un parlamento e un goberno autónomo que, en correspondencia coa organización federal da India, ten amplas competencias en case todos os temas de importancia.

COMPARATIVA DA SITUACIÓN SOCIO ECONÓMICA ENTRE A INDIA E ESPAÑA

	Poboación	Esperanza de vida ao nacer		Mortandade infantil	Consumo de calorías diarias
		mulleres	homes		
España	45.200.737	82 anos	75 anos	5 ‰	3.353
India	1.041.144.000	65 anos	64 anos	69 ‰	2.417
	Auga potable	Alfabetismo		Universidade	Docentes de primaria
		mulleres	homes		
España	100%	97%	99%	56%	1 por cada 15 estudantes
India	84%	42%	69%	7%	1 por cada 72 estudantes
	Débeda externa	Servizo da débeda		Axuda recibida	Médicas/os por cada 100.000 persoas
España	807.536 millóns	-	-	-	424
India	132.1	15%		1.484 millóns	48

3 o xénero e a POBREZA

En todas as sociedades, cando unha persoa nace, obsérvanse as súas características físicas (o sexo) e a partir destas atribúense certas funcións, carácter, vestimenta, tarefas e expectativas (o xénero) a esa persoa. O xénero é a maneira en que a sociedade define a homes e mulleres e polo tanto é errónea a idea de que "xénero" e "mulleres" son conceptos equivalentes. Grazas ao concepto do xénero somos capaces de entender que os comportamentos ou problemas individuais (por exemplo que un home bata na súa muller) en realidade teñen unha base colectiva e que hai que cambiar esa base colectiva para cambiar esas cuestións que nos poden parecer "persoais". A análise do xénero demostrou que cada sociedade e en cada tempo as definicións de homes e mulleres son cambiantes e polo tanto poden reformarse para buscar unha sociedade igualitaria e xusta. Porque precisamente nestes momentos cando analizamos en todas as sociedades como se establecen esas normas de comportamento, do que é aceptable ou non para homes e mulleres, comprobamos que existe unha situación xeneralizada de discriminación das mulleres que pode traducirse de moitas formas diferentes. Esta discriminación vese agravada se as mulleres padecen outros tipos de discriminación compartida polos homes como a de clase, etnia, etc. e tamén en situacións de pobreza, guerra ou catástrofes. O xénero, polo tanto, determina papeis aceptables para homes e mulleres que fan que en xeral en todas as sociedades as mulleres sexan responsabilizadas dos traballos domésticos e non remunerados, que teñamos menos acceso aos recursos e que se tolere a violencia contra nós.

Cando falamos dos países en vías de desenvolvemento dende o punto de vista do xénero cómpre ter en conta diferentes factores. Por unha banda, que a discriminación de xénero permea todas as sociedades, comezando pola nosa, e que somos capaces de ver o aberrante noutras sociedades pero non na nosa. Así, escandalízanos a mutilación xenital en África pero non pensamos que na nosa sociedade tamén as mulleres se vén obrigadas a mutilar os seus corpos pola cirurxía para encaixar no modelo social aceptable para elas, exactamente o mesmo que é a mutilación xenital. Como mulleres e homes de occidente temos que ter moito coidado con este tipo de representacións, lembremos como se utilizou por exemplo o caso do burkha cando os Estados Unidos quixeron invadir Afganistán, obviamente por outros motivos, como se houbera de socate un interese pola situación das mulleres (que desapareceu cando se conseguiu o obxectivo de ocupar o país).

Nin as mulleres nin os homes nos países en vías de desenvolvemento son un grupo homoxéneo. Igual que ninguén entendería que se definise ás mulleres europeas como "mulleres cristiás" as mulleres dos países en vías de desenvolvemento non teñen por que reducirse á súa relixión ou outros compoñentes da súa identidade que as invisibilizan. Nos países en vías de desenvolvemento hai mulleres en situacións moi diferentes, con distintas clases sociais e intereses. Basicamente como en todos os países do mundo. Cómpre non unificar a todas as mulleres dado que é unha forma de discriminalas e de facelas invisibles na súa individualidade.

Se falamos da interacción entre o xénero e a pobreza e en concreto da situación xeral das mulleres que viven en situacións de pobreza cómpre sinalar que o xénero subxace e reforza a pobreza. Ata época moi recente ninguén caera na conta de que a pobreza non afectaba de igual maneira a homes e mulleres debido ás desigualdades de poder que existen entre eles e elas.

POBREZA

- As mulleres constitúen o 70% dos 1300 millóns de persoas pobres do mundo (OIT).
- As posibilidades de que unha muller ao chegar á vellez viva na pobreza son maiores cas dos homes (OIT).
- 600 millóns de mulleres son analfabetas, fronte aos menos de 320 millóns de homes. Na África Subsahariana, menos do 50% das nenas están escolarizadas. (2005).
- Segundo o Banco Mundial, as mulleres do mundo desenvolvido gañan 77 centavos por cada dólar que gañan os homes e nos países empobrecidos esa proporción é de 73 a un (2005).



VIOLENCIA

- Cada ano, polo menos 2 millóns de nenas entre 5 e 10 anos son vendidas e compradas como escravas sexuais.
- Estímase que cada dúas horas, unha muller é apuñalada, apedrada, estrangulada ou queimada viva.
- Durante os conflitos armados o ataque aos dereitos humanos da muller (asasinato, violación, escravitude sexual e embarazo forzado) emprégase como arma de guerra.
- No mundo, 135 millóns de nenas e mulleres sufriron mutilación xenital. A cifra increméntase en dous millóns cada ano (AI).
- Segundo datos do Banco Mundial, polo menos o 20% das mulleres do mundo teñen sufrido malos tratos físicos ou agresións sexuais.
- Segundo o informe da UNFPA, unha de cada tres mulleres no mundo será apaleada, obrigada a manter relacións sexuais ou vítima de abusos (2005).

educación

- Dúas terceiras partes dos 876 millóns de persoas analfabetas do mundo son mulleres (Nación Unidas).
- A alfabetización de mulleres novas (entre 15 e 24 anos) é do 60% fronte ao 80% dos homes (PNUD 2003).
- As estatísticas indican que ao cumprir os 18 anos as rapazas teñen unha media de 4,4 anos menos de educación que os varóns da mesma idade (Nacións Unidas).
- Dos 121 millóns de nenas/os non escolarizadas/os no mundo, 65 millóns son nenas. (UNICEF).
- As/Os fillas/os das mulleres que recibiron educación teñen máis probabilidades de ir á escola (UNICEF).
- As mulleres teñen menos acceso que os homes á formación continuada nas empresas (OIT).



sanidade

- Cada ano morren máis de medio millón de mulleres como consecuencia do embarazo e o parto (PNUD).
- Os servizos básicos de saúde materno infantil custaría tan só 3 euros per cápita ao ano nos países desenvolvidos. Unha vez producidas as complicacións, salvar a vida duna muller ou un/ha neno/a achégase aos 230 euros.
- En España a idade media para ter descendencia por primeira vez é de 30 anos; nos países con menos recursos un de cada seis partos corresponde a mozas de 15 a 19 anos (MSC e OMS).
- Nos países en vías de desenvolvemento non reciben atención prenatal o 35% das mulleres; casi o 50% dá a luz sen asistencia de persoal especializado e o 70 % non recibe atención nas seis semanas posteriores ao parto (PNUD 2003).
- No mundo hai máis mulleres que homes infectadas de sida (PNUD 2003). Na África Subsahariana as mulleres representan o 55% das persoas adultas infectadas polo VIH (Fondo da Poboación de Nacións Unidas 2002).

TRABALLO

- Estímase que o labor non remunerado das mulleres no fogar representa un tercio da produción económica mundial. (Nación Unidas).
- Das mulleres en idade de traballar só traballa remuneradamente un 54 % fronte ao 80% dos homes (OIT).
- As mulleres desempeñan a maior parte dos traballos peor pagados e menos protexidos (OIT).
- Na década dos anos 90 nos países en vías de desenvolvemento as mulleres que traballaban fóra do sector agrícola representaban o 40% do emprego masculino (PNUD 2003).
- Globalmente, as mulleres gañan entre un 20 e un 30% menos cos homes e desenvolven tan so o 1% dos cargos directivos (OIT).
- Incrementase o número de mulleres que, tanto legal como ilegalmente, buscan de emprego. As mulleres emigrantes son máis vulnerables á explotación e aos abusos. (OIT).

POLÍTICA

- Segundo cifras da Unión Interparlamentaria (UIP), dun total de 41.845 parlamentarios no mundo, tan só o 14,6% son mulleres.
- Só en sete países do mundo, as mulleres ocupan máis do 30% dos escaños parlamentarios (PNUD 2003).
- Tan só hai seis países nos que as mulleres ocupen un 30% ou máis dos cargos de nivel ministerial.
- Os fogares, por exemplo, non son unidades homoxéneas porque se medimos os ingresos non sabemos quen os manexa e en que, informacións fundamentais dende o punto de vista do xénero. O home pode gañar certos cartos pero se estes non chegan á familia, a muller e as nenas e nenos poden vivir na pobreza extrema. En xeral, as mulleres que viven na pobreza comparten a mesma situación de carencia de acceso aos recursos dunha forma moi extrema e unha enorme sobrecarga laboral, que as obriga a traballar dentro e fóra da casa con moitas dificultades e baixos ingresos para poder dar de comer ás súas familias. O analfabetismo ou a imposibilidade de exercer os seus dereitos son máis compoñentes desta relación. Igualmente a violencia, presente en todas as sociedades, interactúa dunha maneira insidiosa coa pobreza. No fondo de todos estes problemas está a aceptación social dos papeis de xénero polos cales, se hai cartos, son os nenos os que van á escola e non as nenas, por exemplo. Resolver estes problemas implica cambiar os papeis de xénero das dúas partes polo cal é fundamental que os homes traballen sobre os seus papeis de xénero e de forma conxunta construíamos sociedades diferentes.
- O exercicio dos dereitos é unha cuestión fundamental na interacción entre xénero e pobreza. Por exemplo, un dos dereitos humanos recoñecidos pola Declaración Universal, o dereito ao descanso, non está case nunca ao alcance das mulleres, non só nos países en vías de desenvolvemento, tamén nos desenvolvidos. Cómpre sinalar que hai certas persoas que pensan que os dereitos humanos son un patrimonio occidental, o cal invisibiliza os importantes movementos que en todas as épocas e lugares se puxeron en marcha para loitar por uns valores de igualdade e trato digno de todos os seres humanos. Nos países en vías de desenvolvemento hai activistas no campo do xénero que fan oír a súa voz alén das súas fronteiras algunhas veces e outras permanecen no traballo diario. É moi importante dar visibilidade a estas voces e rematar coa idea xeralizada en occidente de que “temos que ensinar” a igualdade de xénero a outras mulleres. Algunhas importantes feministas e activistas polos dereitos das mulleres dos países do Sur coñecidas no entorno internacional son Wangari Maathai, premio Nobel da paz, Vandana Shiva ou Meena Agarwal, creadoras do ecofeminismo e do feminismo ambientalista respectivamente, ou Claudia Bonan de Latinoamérica.
- O libro Vanakkam-Benvidas pretende dar voz ás poetas de Tamil Nadu e axudarnos a atopar unha relación dende o punto de vista do xénero entre Galicia e Tamil Nadu e tamén elementos para pensar sobre a relación entre mulleres e pobreza dende un punto de vista crítico, dende unha mentalidade de aprendizaxe.

4 O TRABALLO DE IMPLICADAS NO DESARROLLO

Implicadas/os no Desenvolvemento é unha Organización Non Governamental de Cooperación ao Desenvolvemento que nace en Galicia no ano 1998 cuns claros elementos que a definen e a distinguen das demais:

- Implicadas/os no Desenvolvemento é unha organización aconfesional, apartidaria e independente, é dicir, nace como resultado da preocupación da sociedade civil pola pobreza.
- Implicadas/os no Desenvolvemento é unha organización galega, o cal quere dicir que entende o traballo dende a cultura e a lingua propia e busca que o pobo galego poida relacionarse con outros pobos de forma independente e sen que sexa a través de estruturas de explotación senón de cooperación.

- Implicadas/os no Desenvolvemento é unha organización de xénero, o cal quere dicir que entende que a discriminación de xénero subxace a todas as demais e polo tanto debe ser eliminada antes de poder falar de desenvolvemento.
- Implicadas/os no Desenvolvemento é unha organización crítica, o cal quere dicir que busca solucionar as raíces da pobreza no político e no social e non só as súas consecuencias.

misión

Traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, e máis en concreto co grupo das mulleres a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e de xénero e a contribución a unha vida digna para todas as persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

visión

IND entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa, que enriquece ás dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e tódolos factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

PRINCIPIOS E CRITERIOS

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO réxese polos seguintes principios fundamentais

- Implicadas é unha organización independente, aconfesional e apartidaria.
- Implicadas é unha organización galega comprometida co cambio Implicadas fomenta as prácticas democráticas e a toma de decisións conxuntas dentro da súa estrutura interna.
- Implicadas traballa desde o enfoque de xénero a todos os niveis, o cal implica unha política activa de superación da discriminación das mulleres e de facer oír a voz da metade da humanidade.
- Implicadas cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual e en particular ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos discriminados, máis en concreto as mulleres, que a pesar de constituír a metade da poboación constituímos a maioría das persoas pobres do mundo por razóns Implicadas traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que compartan os mesmos principios e criterios xenéricos.
- Implicadas fundamenta as súas intervencións no terreo nos criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades de xeito que se dea unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.
- Implicadas é unha organización de base voluntaria.
- Implicadas define como países prioritarios da súa actuación a India polo vínculo inicial e os países menos adiantados segundo a definición das Nacións Unidas. Implicadas ten especial interese en traballar naqueles países onde non exista unha tradición de traballo en Galicia, primeiro para evitar duplicar esforzos, segundo para evitar unha concentración que pode ser contraproducente (véxase a tsunami no surlleste asiático durante a cal a poboación galega tivo que actuar ou a través de Implicadas ou a través de organizacións de fóra de Galicia) e terceiro porque pensamos que cómpre dar voz a esas comunidades coas que non unen vínculos de lingua ou emigración e coas que nos ten que unir por forza só o sentido da xustiza.
- Implicadas traballa dende o principio de que a cultura, o coñecemento e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia e por iso centra parte do seu traballo en difundir tales cuestións para contrarrestar estereotipos e ideas de superioridade que forman parte da roda da pobreza.
- Implicadas busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, o sindicalista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

Para Implicadas, xa que logo, tan importante é a sensibilización e o activismo en Galicia e no Norte en xeral como o traballo concreto nos países do sur. No campo da sensibilización Implicadas busca informar, provocar a reflexión e o cambio de actitudes e comportamentos na sociedade civil do Norte. Algúns elementos deste traballo resúmense en:

- Traballo co mundo da cultura: como elemento capaz de crear formas alternativas de estar no mundo, o traballo co mundo da cultura e da arte é fundamental para a nosa organización. O libro Vanakkam-Benvidas é unha das iniciativas pero existen moitas outras, o festival de música, danza, teatro e literatura IMPLÍCATE que se celebra en Compostela todos os anos no mes de decembro ou a exposición Maquila Boutique, de artistas plásticas galegas que falan sobre a explotación laboral no téxtil.
- Traballo con centros de ensino: Implicadas imparte numerosas conferencias e realiza actividades con centros de ensino durante todo o ano. Algunhas destas actividades inclúen o contacto a través de internet con grupos de mocidade na India.
- Campañas de presión política: Implicadas traballa man a man con outras organizacións a través da Coordinadora Galega de ONGDs en campañas como "Candidata ao 0,7" (para promover que os partidos políticos inclúsen este compromiso nos seus programas electorais), Pobreza 0 ou ben en campañas propias como Etiopía Agora que mobilizou á cidadanía ante as atrocidades cometidas polo goberno etíope en 2005.
- Información e reflexión: Implicadas organiza con frecuencia actividades como exposicións ou clubs de lectura para informar e reflexionar sobre a desigualdade e a pobreza.
- Publicacións: Implicadas pretende fomentar un coñecemento propio sobre a cooperación ao desenvolvemento e por iso edita materiais de tipo formativo como estes que tes nas túas mans.



En canto ao traballo nu Sur, Implicadas traballa en dous países, a India e Etiopía. Os proxectos planifícanse segundo as necesidades e estratexias das comunidades coas que se traballa e polo tanto son diferentes entre si pero de xeito xeral podemos definir algunhas características dos nosos proxectos:

- Implicadas traballa sempre con organizacións non gobernamentais do Sur que compartan a súa filosofía de traballo.
- Implicadas traballa dende o enfoque de xénero o cal quere dicir, de forma resumida, que as mulleres deben ser protagonistas de todos os procesos, que se debe primar o seu acceso a recursos e a resolución dos seus problemas a través dun cambio de papeis de xénero que debe implicar tamén aos homes e nenos.
- Implicadas traballa dende un enfoque integral, é dicir, que entende que na pobreza todos os problemas están interrelacionados e que non se pode resolver un problema de educación sen ter en conta os aspectos económicos da pobreza ou viceversa, por poñer un exemplo. Por iso todos os nosos proxectos tocan aspectos educativos, sanitarios, económicos, de dereitos e como xa se comentou, dende o enfoque de xénero.

Ata o momento Implicadas concluíu con éxito varios proxectos, tres deles na India (dous na cidade de Tiruchy e un no distrito de Anantapur) e ten en marcha dous proxectos máis neste país e dous máis en Etiopía.

Rehabilitación e Desenvolvemento despois da tsunami en Karaikal- India

Este proxecto naceu como resultado da colaboración anterior de Implicadas coa súa organización compañeira en Tamil Nadu, PEOPLE'S DEVELOPMENT INITIATIVES (PDI). Cando a tsunami assolou as costas de Tamil Nadu en 2004 as dúas organizacións decidiron actuar na zona afectada.

Durante os primeiros momentos Implicadas e PDI deron apoio a un campamento onde se refuxiaron 200 persoas. Organizouse unha cociña comunitaria na que participaba toda a poboación e comezouse a proporcionar apoio psicolóxico. Simultaneamente Implicadas e PDI comezaron a traballar tamén nas aldeas afectadas, creando cociñas comunitarias e grupos de aforro e crédito a través dos cales se comezou a distribuír a axuda ás mulleres. Tamén se priorizou o apoio psicolóxico. Ao cabo dun mes as 200 persoas que se atopaban no campamento puideron trasladarse ao refuxio temporal construído por Implicadas e PDI. Neste momento están xa realoxadas nas súas vivendas permanentes.

Implicadas e PDI consideraron dende un primeiro momento a importancia da implicación da comunidade na toma de decisións e sobre todo das mulleres, que estaban quedando fóra dos procesos de reconstrución e distribución da axuda. Tamén, en liña co noso traballo xeral, Implicadas e PDI decidiron continuar co traballo coas comunidades pasados os primeiros momentos para asegurar que estas podían facer fronte ao futuro dun punto de partida diferente a antes da tsunami, é dicir, superando a pobreza que foi a causante das consecuencias terribles dun mero fenómeno natural.

Así, as dúas organizacións seguen traballando cunha poboación de 12.000 persoas no reforzo educativo, na creación de grupos de aforro e de crédito para que as mulleres teñan acceso a capital, na capacitación laboral das mulleres e no cambio de papeis de xénero que eviten situacións de desprotección, abuso e desigualdade contra as mulleres.



Desenvolvemento Urbano Comunitario en Addis Ababa-Etiopía

Este proxecto é unha iniciativa conxunta de Implicadas/os no Desenvolvemento, a asociación galega Memoria e a organización etíope OPRIFS, que traballa con nenas da rúa en Addis Abeba. O proxecto pretende mellorar as condicións de vida das familias, en particular das mulleres, para evitar que as nenas abandonen os seus estudos e rematen na rúa.

O proxecto comezou en 2007 e polo de agora lévanse creado 24 grupos de aforro que aglutinan a unhas 500 mulleres e as súas familias. As mulleres reciben ademais formación sobre xénero e sanidade e apoio educativo para elas e as nenas e nenos. O proxecto pretende seguir creando grupos e dando apoio empresarial, ademais de formar aos homes sobre as cuestións de xénero para que cambien as súas actitudes e constrúan coas mulleres unha sociedade diferente.

Empoderamento de mulleres en Mersa- Etiopía

Este proxecto nace do traballo conxunto entre Implicadas e a organización etíope WSA. Sitúase na zona de North Wollo, ao norte do país, nunha das zonas afectadas polas grandes fames dos anos oitenta e que continúa a recibir axuda alimentaria.

As beneficiarias do proxecto son mulleres analfabetas, as máis pobres de entre as pobres que viven en dous kebeles de Mersa, nas montañas do norte do país.

Na zona, non hai experiencias previas de asociacionismo entre mulleres polo que o obxectivo principal do proxecto consiste na creación de grupos de autoaxuda que lles permitan debater sobre as súas preocupacións e problemas ao tempo que se tenta despertar nelas o hábito do aforro e a participación en actividades capaces de xerar ingresos.



SEGUNDA PARTE: DINÁMICAS

1 METODOLOXÍA

Todas as actividades están pensadas para provocar a reflexión e a participación do alumnado, polo que cómpre que o diálogo e a participación activa de todo o mundo na expresión das súas opinións, sexa a base metodolóxica para o desenvolvemento dos traballos.

Resulta imprescindible que as rapazas e rapaces se expresen en liberdade, para o que haberá que traballar dende un ambiente de clase que favoreza esta participación.

As actividades están pensadas para que o profesorado as adapte no tempo, polo que poden ser modificadas ou adaptadas a diversas circunstancias: pódense ou ben desenvolverse en varias sesións ou ben acurtarse para axustalas ao horario escolar. Para unha mellor asimilación propónse o traballo dentro da programación a medio prazo (unha semana, unha quincena, un mes.), para que o alumnado, teña tempo de madurar e interiorizar as ideas e actitudes que se intentan transmitir.

Todas elas teñen cabida como traballo dentro das diferentes áreas no campo da humanidades e, por suposto, como temas a traballar nas horas de titoría.

No que se refire á avaliación, propóñense exercicios a modo de conclusións, que poden dar ao profesorado unha lixeira valoración sobre a asimilación dos valores que tratamos de transmitir. O importante neste traballo é, sobre todo, abrir interrogantes nas rapazas e rapaces que poidan provocar, co tempo, cambios de actitudes e sobre todo, unha visión crítica sobre o que nos rodea.

Os materiais que se propoñen son de apoio, pero sempre abertos á creatividade e a iniciativa do profesorado, que, coñecendo ao alumnado, será o que mellor decida o que cómpre facer en cada caso.

Trátase en suma da aplicación dunha metodoloxía activa e participativa que favoreza a expresión, o diálogo e que provoque a reflexión.

2 DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADE 1: O SARI

Obxectivo da actividade: amosar os prexuízos que sobre o corpo das mulleres existe en todas as sociedades, dende as máis desenvolvidas ás que están en vías de desenvolvemento.

Tempo aproximado: 1 hora

Materiais e recursos: fotografías de mulleres con sari (materiais 1), revistas de moda

Desenvolvemento da actividade

1º MOMENTO (tempo aproximado 10 minutos)

Comezarase a sesión explicando a rapazas e rapaces que é un sari. Esta explicación pode ilustrarse coas fotografías de mulleres vestidas con sari e pedirase a opinión das/os rapazas/es sobre o vestido e a súa funcionalidade.



Orientacións para o profesorado: o sari é a prenda de vestir feminina da India. Consiste nunha tea rectangular que ten unha extensión de entre cinco e oito metros de longo por 1,2 metros de ancho que se pon arredor do corpo suxeita nunha enauga longa ata os pes e que se complementa cun pequeno corpiño. Unha parte da tea ten maior profusión de bordado ou estampado sendo esa parte máis ornamentada a que se bota por riba do ombreiro formando o pallu. Esta vestimenta emprégase por unha importante maioría de mulleres na India. A maneira de poñer o sari pode diferir dependendo da rexión da que se fale.

Existen lendas sobre o sari, algunhas moi poéticas, pero na actualidade o sari utilízase por parte dos sectores conservadores para dar unha imaxe da "muller india" e tense convertido nun símbolo identitario que se se abandona implica para os sectores reaccionarios, unha traición á identidade do país. Cómpre sinalar, porén, que hai outras roupas tradicionais indias como o salwar khameez ou churidar (casaca e pantalóns), de orixe musulmá, ás que non se lles aplica o mesmo valor habitualmente. Os pantalóns en xeral seguen estando mal vistos excepto nas grandes cidades, onde existe moita maior variedade de vestimentas aceptables. O sari, como se pode comprobar, é unha vestimenta incómoda e que limita os movementos das mulleres. O sari é un bo exemplo de como a roupa no caso das mulleres ten un valor social moi importante. Na India o traxe tradicional para os homes é o dhoti (unha especie de pareo longo) que na actualidade está moi en desuso (excepto nas zonas rurais e para actos festivos) pero aos homes ninguén os acusa de occidentalizarse cando usan pantalóns e camisa. As consideracións sobre os corpos das mulleres son sempre fundamentais para o patriarcado. Isto é o que queremos relacionar coa nosa situación tamén en Galicia nesta actividade.



2º MOMENTO (Tempo aproximado 20 minutos)

Falarase da diferenza de vestimentas entre a India e Galicia e se é procedente, outros países do mundo. Nas revistas de moda, miraremos as vestimentas dos homes e as das mulleres en cada sociedade e entre as diferentes sociedades. Faranse valoracións sobre que pensamos de cada vestimenta.

Orientacións para o profesorado: O obxectivo desta parte da dinámica é coñecer os prexuízos que existen por parte do alumnado que seguramente determinará a incomodidade do sari pero non a dunha minisaia. Tentaremos ver como as vestimentas determinan certas asuncións sociais sobre os papeis que os homes e as mulleres teñen: as mulleres como beleza, obxectos, etc).

3º MOMENTO (Tempo aproximado 15 minutos)

En Galicia non se leva sari como vestimenta pero si existen outros elementos na vestimenta que teñen que ver cos papeis sociais, sobre todo coa valoración extrema da aparencia física. Falaremos dos saris que as mulleres levan en Galicia (depilación, cirurxía, estética, modas...). Podemos comparar, por exemplo, revistas orientadas a mozos/homes e mozas/mulleres.

Orientacións para o profesorado: a situación das mulleres en occidente ten outros condicionamentos pero tamén a aparencia física e a capacidade fisiolóxica de ser nais condiciona o recoñecemento social das mulleres. Neste momento da actividade pódese analizar os modelos que promoven e os temas que tratan as revistas orientadas a cada tipo de público. A condición de muller adoita ir asociada a uns criterios e valoracións diferentes aos dos homes e en moitas ocasións está vinculada á súa aparencia externa. Podemos, para constatar isto, comparar que mulleres son famosas e por que e que

homes son famosos e por que. No primeiro grupo comprobaremos que a maioría das mulleres famosas o son por algún aspecto de aparencia física (actrices, mesmo cantantes) mentres que os homes o son pola súa actividade.

Farase neste momento un choiva de ideas sobre os condicionamentos que o corpo ten no desenvolvemento social de mozas e mozos (mulleres e homes):

- Aspecto físico
- Maternidade
- Idade
- Desigualdades laborais
- Postos de traballo de menor responsabilidade...
- Farase unha reflexión sobre estes aspectos tentando que o alumnado perciba os diferentes valores sociais que se asignan aos corpos de homes e mulleres e que este é un tema manipulado por todas as culturas

4º MOMENTO (Tempo aproximado 5 minutos)

Lerase a biografía e o poema de Sukirtrani "A lingua elemental" e a biografía e o poema de María do Carme Kruckenberg

AVALIACIÓN (Tempo aproximado 10 minutos)

Por parellas escribirán conclusións de todo o reflexionado oa longo da sesión e suxestións que motiven o cambio de mentalidade e a redefinición de comportamentos e identidades con respecto á aparencia e o xénero entre o grupo.

COMO POÑER O SARI

PASO 1: fondo e corpiño

Unha parte importante do segredo do sari, son os complementos que van baixo deste. Unha enauga, imprescindible para suxeitalo, e un corpiño. A enauga chega ata o chan e na cintura leva un cordello para axustala fortemente e que non se mova. O corpiño "choli" cobre ata debaixo do peito e leva manga curta. Debe combinar coa cor do sari.

PASO 2: comezo

Empezando polo embigo, cóllese o extremo do sari menos adornado (o extremo máis adornada caerá sobre o ombreiro e chámase "pallu"). Dáselle unha soa volta arredor asegurándose de que chegue ao chan.

PASO 3: plisado

Comezando polo extremo que temos suxeito, comezar a plisar o sari con pregues de aproximadamente 12 cm (o ancho da man). Facer entre sete e 10 pregues e mantelos xuntos coidando de que caian rectos chegando ata o chan.

PASO 1



PASO 2



PASO 3



PASO 4



PASO 5



PASO 6



PASO 4: suxeición dos pregues

Os pregues suxeitaranse á enauga, manténdoo por dentro do cordello, coidando de que queden colocados na cintura lixeiramente á esquerda do embigo e voltos cara á esquerda.

PASO 5: envolverse de novo

Envolverse de novo coa tea restante de esquerda a dereita. Pasalo por debaixo do brazo dereito e logo sobre o ombreiro esquerdo para que caia polas costas ata a altura dos xeonllos ("pallu").

PASO 6: aseguralo

O "pallu" asegúrase no ombreiro cun imperdible suxeito ao corpiño, desta forma impídese que esvare.

ACTIVIDADE 2: QUE BONITA É A INDIA!

Obxectivo: achegarse á realidade da India máis aló dos estereotipos.

Tempo aproximado: 1 hora

Materiais e recursos: páxina web de Implicadas no Desenvolvemento; Blog-Reportaxes do Vanakkam. www.implicadas.org - novas. Cartolina grande

Desenvolvemento da actividade

1º MOMENTO (tempo aproximado 10 minutos)

Comezase lendo a biografía e o poema de María Reimóndez *Que bonita é a India!*.

O alumnado fará unha interpretación do poema levándoo a súa experiencia persoal: que coñecemos da India?. Cando vemos reportaxes da India, sobre que aspectos do país tratan?

Orientacións para o profesorado: con frecuencia as imaxes que temos da India están asociadas ao exotismo e a pobreza. Difícilmente no noso país podemos acceder a informacións que nos acheguen á realidade dun país tan inmenso e tan variado. A literatura, o cine e mesmo os medios de comunicación ofrecen unha información parcial dun lugar tan afastado como descoñecido. Moi poucas veces temos ocasión de escoitar a persoas da India falando da súa realidade e opinando sobre os problemas cos que viven, así como a súa visión de cal sería a solución. A India, para Europa, é un lugar afastado e misterioso, unha aventura. A realidade é que India é un país diverso e multicultural que pode entenderse dende moitos puntos de vista pero para coñecelo cómpre achegarse ás voces do propio país, como as das poetas tameses do noso libro.

2º MOMENTO (tempo aproximado 30 minutos)

Por parellas acudírase ao blog de Implicadas no Desenvolvemento <http://www.implicadas.blogspot.com/> no apartado "arquivo do blog" seleccionar o que corresponde a agosto de 2007. Dende día 6 ata o día 21, hai unha crónica diaria escrita polas persoas que viaxaron á India dende Galicia.

Cada parella lerá unha crónica diferente, tratando de anotar, nunha folla, os aspectos máis salientables e sobre todo aqueles que non corresponden á imaxe que teñen da India, así como aspectos que poden ser comúns coa nosa sociedade. Tamén podemos acceder ás Crónicas dende a India escritas por María Reimóndez para Vieiros.

AVALIACIÓN (tempo aproximado 20 minutos)

Nunha cartolina grande faranse dous apartados "a India imaxinada" e "a India coñecida".

Cada parella exporá aquelas ideas que tiña antes das dinámicas e aquelas cousas que agora sabe do país despois da reflexión e anotarás na cartolina no apartado que corresponda.

**ACTIVIDADE 3: TAN PRETO-TAN LONXE**

Obxectivo: achegarse as preocupacións das mulleres e descubrir analogías e diferenzas entre as mulleres da India e as galegas.

Tempo aproximado: 1 hora

Materiais e recursos: CD do libro Vanakkam

Desenvolvemento da actividade**1º MOMENTO**

Todo o grupo realizará unha audición dos poemas de Salma "O contrato", "Encerro", "Unha tarde, outra tarde", "Conto de media noite".

Orientacións para o profesorado: cómpre que neste primeiro momento o profesorado non faga ningún tipo de observación sobre o contido dos poemas, deixando que o alumnado faga unha inmersión persoal nos mesmos. Pódese motivar como unha actividade relaxada e íntima na que resulta imprescindible o silencio.

2º MOMENTO (tempo aproximado 15 minutos)

Distribúese a clase en catro grupos, procurando que estean sempre rapaces e rapazas. A cada grupo entregaráselle unha copia escrita do poema que lerán tendo en conta os seguintes criterios e anotando as conclusións nun papel.

- De que fala
- Cales son as cousas que preocupan a autora.
- Como se sente no momento da escrita.
- Por que adoitar a ter eses sentimentos.

Orientacións para o profesorado: tendo en conta o obxectivo da actividade cómpre salientar que moitos dos problemas que preocupan ás mulleres son comúns a culturas tan diferentes como a india e a galega. Os sentimentos de soidade, de falta de espazos íntimos, de dependencia ou de falta de apoio nas súas decisións, fan que as mulleres do mundo teñamos vivencias parecidas en situacións diferentes. Nesta actividade trátase de que o alumnado as descubran, a través dos poemas, e deste xeito se produza un verdadeiro achegamento intercultural.

AVALIACIÓN

Versión 1: unha portavoz de cada grupo lerá as conclusións. Anotarase na pizarra

Versión 2: cada grupo fará unha representación plástica do poema lido tratando de plasmar os sentimentos da autora.

Nas dúas versións é importante a conversa e a expresión da opinión das rapazas e rapaces.

ACTIVIDADE 4: BUGUINAS OU MORDAZAS

Obxectivo: analizar o tratamento que dende os medios de comunicación se dá a mulleres e homes nos diferentes aspectos da vida.

Tempo aproximado: 1 hora

Materiais e recursos: fotografías, biografías, folios e cartolinas, revistas "do corazón"

Desenvolvemento da actividade

Orientacións para o profesorado: a pesar da loita secular e dos avances sociais, a desigualdade entre homes e mulleres segue a ser unha constante en todos os recunchos do mundo.

Nas sociedades máis avanzadas a cidadanía, a miúdo, non é consciente das outras formas de desigualdade máis sutís e que se prodigan nos medios de comunicación, convencida de que a loita pola igualdade está gañada.

A realidade é que na maior parte do mundo a discriminación que sofren as mulleres abrangue os eidos legal, político, económico, relixioso e familiar que configura ás mulleres como "cidadás de segunda".

Son moitos os colectivos que están a loitar pola igualdade dende o feminismo e dende outros movementos organizados de mulleres, pero rara vez estes aspectos son tratados polos medios de comunicación que adoitan reproducir, nos seus traballos, os estereotipos da sociedade patriarcal.

Vivimos na sociedade da imaxe e os modelos que os medios de comunicación de masas espallan na sociedade, contribúe de xeito decisivo á creación de modelos que teñen unha especial importancia na mocidade. Cómpre desenvolver procesos reflexivos e críticos diante do que os medios nos ofrecen.

1º MOMENTO

Repartiranse fotografías de mulleres e de homes famosos (dos que aparecen nas revistas "do corazón", entre elas incluiremos as autoras do libro e outras mulleres e homes salientables na historia de Galicia e do mundo.

Pedirase ao alumnado que identifique as persoas que aparecen nas fotos e que tenten adxudicarlles calidades. (materiais tema 4º).

2º MOMENTO

Repartirase a clase en grupos e entregaráselle ao alumnado a biografía das mulleres descoñecidas pola súa aparencia física (as das autoras do libro aparacen no mesmo, as das outras mulleres aparecen no apartado de materiais). En grupos terán que analizar por que coñecían a certas mulleres e homes e por que a outras non.



3º MOMENTO

Posta en común da reflexión realizada nos grupos e os motivos polos que algunhas mulleres pasan despercebidas para os medios de comunicación a pesar da súa grande valía e sobre todo que aspectos das mulleres coñecidas son os que se valoran máis.

AVALIACIÓN

Pedirase a cada grupo que elabore novas de prensa nas que aparezan as mulleres descoñecidas coas que confeccionarán un xornal mural para a aula.







concellería
de **igualdade**
concello de vigo